



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVES DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E A SOCIEDADE ECOLÓXICA PARA O RECICLAXE DOS ENVASES DE VIDRO (ECOVIDRIO)

(1) A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano competente na Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e execución en materia de medio ambiente da lexislación básica estatal, de conformidade co establecido no *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*.

O *Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia*, atribúe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático as competencias que correspondían á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, conforme ao Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; entre elas máis especificamente, as reguladas no artigo 11 sobre as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana e, en particular, a tramitación e seguimento das autorizacións dos sistemas integrados de xestión atribuída á Subdirección Xeral de Resíduos.

Neste contexto competencial, considérase necesario establecer unha canle de participación e seguimento do funcionamento do sistema integrado de xestión “Sociedade Ecolóxica para o Reciclado dos Envases de Vidro”, en adiante ECOVIDRIO, na Comunidade Autónoma de Galicia, o que motiva a subscripción do presente Convenio Marco.

(2) **Antecedentes:** Polo que ao contexto normativo no que o Convenio se enmarca debemos comezar indicando que, en materia de xestión de residuos, por aplicación do denominado principio de “quen contamina paga”, vense desenvolvendo nos últimos anos a chamada





responsabilidade ampliada dos produtores de produtos que co seu uso se converten en residuos.

Así, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados dedícalle o seu título IV a esta cuestión que, se ben xa contaba con regulación anterior, carecía dun marco legal sistematizado e coherente.

Esta responsabilidade ampliada o que supón é que os produtores de produtos (polo que atinxe o presente caso, os produtores de envases de vidro) que tras o seu uso rematan converténdose en residuos veñen obrigados a involucrarse na prevención e na organización da súa xestión, promovendo a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, por esta orde, segundo o que regulamentariamente se estableza para cada fluxo de residuos.

Con carácter xeral, os produtores poden dar cumprimento ás obrigas que lle veñen impostas, ben de xeito individual, ben a través dos denominados sistemas integrados de xestión.

No caso dos envase de vidro, mentres non se promulgue o desenvolvemento regulamentario da Lei 22/2011 de residuos, en materia de residuos de envases resulta de aplicación con rango de Regulamento, a Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, (en diante, a “Lei 11/1997 de Envases”) e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 782/1998, do 30 de abril polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases (en diante, o “Regulamento 782/1998 de Envases”).

A normativa citada regula dous procedementos diferentes para conseguir os obxectivos de reciclaxe e valorización previstos: en primeiro lugar establece, con carácter xeral, que os produtores de produtos que co uso convértense en residuos deben cobrar aos seus clientes, ata o consumidor final, unha cantidade por cada produto obxecto de transacción e devolver idéntica suma de diñeiro pola devolución do envase baleiro; en segundo lugar, os axentes citados poderán eximirse das obrigacións derivadas do procedemento xeral cando participen



nun Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases e envases usados, que garanta a súa recollida periódica e o cumprimento dos obxectivos de reciclaxe fixados.

É neste contexto no que xorde ECOVIDRIO como a entidade xestora, con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, dun sistema integrado de xestión constituído para dar cumprimento ás obrigas dos seus produtores asociados.

A Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases establece así mesmo, que a participación das Entidades locais nos sistemas integrados de xestión de residuos de envases e envases usados levarase a cabo a través das Comunidades Autónomas ás que pertencen, cando estas teñan aprobados planes de xestión de residuos urbanos, o que non alcanzará a propia decisión das Entidades locais de participar ou non no sistema integrado de xestión de que se trate. Neste suposto, as Comunidades Autónomas deberán garantir que os fondos recibidos de SIX se destinan, polo menos, a cubrir os custos adicionais que, en cada caso, teñan que soportar as Entidades locais.

A entidade xestora do sistema integrado de xestión para garantir a correcta xestión dos residuos de envases de vidro financiase coas contribucións dos produtores de envases de vidro que participen nela. Estes achegan unha cantidade acordada pola entidade por cada envase posto por primeira vez no mercado nacional.

Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e cambio Climático, do 27 de setembro de 2017 renóvase a autorización á entidade “Sociedad Ecológica para el reciclado de los envases de vidrio (ECOVIDRIO)” como sistema integrado de xestión de envases e residuos de envases de vidro na Comunidade Autónoma de Galicia. Na dita autorización prevese a necesidade de subscribir un Convenio Marco no que se concreten as condicións das entidades locais no sistema autorizado e demais obrigas contidas nela.

O anterior convenio marco subscrito ata a data rubricouse o 20 de febreiro de 2013 dando cobertura á xestión de envases e residuos de envases de vidro (en adiante REV) do sistema integrado na comunidade autónoma de Galicia que permitiu a ECOVIDRIO recoller en





Galicia durante os catro últimos anos unha media de 39.640 t/ano, en 2016 un total de 41.253 toneladas de envases de vidro de 14.718 iglús, o que supón 15,17 kg/hab e ano.

Con este novo Convenio, as partes renovan o seu compromiso á hora de colaborar e contribuír á mellora dos resultados alcanzados nos últimos anos no territorio da nosa Comunidade Autónoma, constituíndo un dos instrumentos esenciais para acadar os obxectivos de reciclado de envases previstos no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022.

De conformidade co anterior, o sistema integrado de xestión opera da seguinte maneira:

- ECOVIDRIO comprométese, como principio xeral, a financiar os custos adicionais que aos Concellos lles supón a recollida selectiva de envases respecto da recollida tradicional de residuos.
- ECOVIDRIO da a posibilidade aos entes locais adheridos de elección do sistema de recollida selectiva dos residuos, ben por xestión directa pola parte do Ente Local con posterior facturación a ECOVIDRIO conforme a uns prezos definidos no Convenio Marco, ou ben xestión directa de ECOVIDRIO. Para isto o convenio marco recolle as condicións de participación das partes, en particular:
 - Regula a forma de adhesión voluntaria dos Entes Locais no sistema integrado de xestión de envases e residuos de envases de vidro, para as dúas modalidades de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 11/1997 de Envases.
 - Fixa a contía polos custos adicionais da recollida selectiva de REV a abonar por ECOVIDRIO, nos casos en que os Entes Locais realicen os servizos de recollida selectiva dos REV no seu ámbito territorial.
 - Promove a instalación de colectores de recollida selectiva de REV e a realización de Campañas de información e sensibilización ambiental cidadá para fomentar a recollida selectiva.
 - Regula a subministración de información entre a Comunidade Autónoma de Galicia, os Entes Locais, ECOVIDRIO e os restantes axentes implicados no SIG.





- En xeral, establece os mecanismos necesarios de colaboración para garantir o cumprimento por todas as partes da Lei 11/1997 de Envases e demais normativa de aplicación
- ECOVIDRIO financia campañas de información, sensibilización e/o educación ambiental. Ben elaborándoas o propio sistema, e neste caso, a Comunidade Autónoma debe aprobar os contidos das campañas, ou ben financiando as campañas excutadas pola consellería.
- ECOVIDRIO comunica anualmente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio as cantidades de envases e residuos de envases entregados aos xestores valorizadores, así como toda a información relativa a estes.

En consecuencia, á vista do anterior e como xa se sinalou, considérase oportuno establecer por parte da Administración competente unha canle de participación e seguimento do funcionamento do sistema integrado de xestión ECOVIDRIO na Comunidade Autónoma de Galicia con suxeición ás cláusulas estipuladas.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ECOVIDRIO o instrumento convencional marco arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e por un período de catro anos.

En calquera momento antes da finalización do prazo indicado, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, polo que en ningún caso poderá entenderse renovado tacitamente.

(4) O convenio ten por obxecto regular os dereitos e obrigacións da Comunidade Autónoma, de ECOVIDRIO e dos Entes locais que voluntariamente se adhiran a el, en relación co funcionamento do Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases e envases usados de vidro que xestiona ECOVIDRIO na Comunidade Autónoma de Galicia, así como das actuacións realizadas para o cumprimento destes obxectivos. Todo iso coa finalidade de garantir o correcto funcionamento de ECOVIDRIO, a apropiada participación no mesmo dos





entes locais no funcionamento do SIG, o adecuado coñecemento de ECOVIDRIO por parte dos cidadáns de Galicia e, en definitiva, o cumprimento da normativa de aplicación e o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 en virtude do acordo do Consello da Xunta de 13 de xaneiro de 2011, co fin de dar cumprimento ao disposto pola Lei 10/2008 de residuos de Galicia, que por resolución de 9 de decembro de 2016 aprobou unha actualización do PXRUG ampliando a vixencia ata o ano 2022.

(5) O presente Convenio non comporta achega económica por parte da Xunta de Galicia.

(6) Xustificación da utilización da figura xurídica do convenio. Unha das formas a través das cales as administracións públicas se relacionan tradicionalmente con outras administracións públicas, organismos públicos, fundacións, ou cos particulares, son os convenios. O convenio que se propón subscribir é un verdadeiro convenio de colaboración e non outro tipo de negocio xurídico, xa que:

- estamos ante un acordo de vontades entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ECOVIDRIO e os Entes locais que voluntariamente se adhiran, no que se fixan unha serie de dereitos e obrigas que teñen un obxectivo común: a recuperación e reciclaxe dos residuos de envases de vidro xerados na Comunidade Autónoma de Galicia, a fin de garantir o cumprimento dos obxectivos previstos pola normativa reguladora.
- o obxecto do convenio non é a execución material dunha prestación a cambio dun prezo, nin se pode identificar a unha das partes do convenio como órgano de contratación, “cliente” que encarga, e a outra como contratista que executa. As partes non teñen interese patrimonial senón que se trata de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta a un obxectivo compartido: a recuperación e reciclaxe dos residuos de envases de vidro.

Na cláusula terceira do convenio, e para o suposto de que o sistema elixido para a recollida selectiva de residuos sexa a xestión por parte da entidade local, prevese que





ECOVIDRIO compense á entidade local polos gastos nos que incorra ao realizar dita xestión. Esta previsión non é unha contraprestación económica por un servizo prestado, senón unha compensación ás entidades locais que xestionen a recollida selectiva de residuos de envases de vidro, que ECOVIDRIO ten que asumir en virtude do principio de “quen contamina paga”.

(7) Polo exposto, o presente Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; séndolle de aplicación con todo os principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen producirse, en defecto de normas específicas recollidas no propio Convenio e na citada Lei 40/2015.

(8) Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*. Así mesmo, terase en conta en relación con este convenio o establecido na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, sobre as obrigas específicas en materia de información.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(asinado dixitalmente)

